

**ESTUDO SOBRE A
PERCEPCIÓN DA
EVOLUCIÓN E
SITUACIÓN DA
LINGUA GALEGA.**

Despois de facerlle unha serie de preguntas iguais a tres xeracións distintas, descubrín que, segundo o tempo en que vivimos, terías unha concepción distinta do mesmo tema, neste caso do galego. A diferenza de idade e a educación que recibiron marcaron unhas ideas distintas en cada caso. Se me permitides unha valoración persoal, diría que as tres xeracións, incluída a 1ª (a de xente nova), parecen non estar moi ben informados sobre a situación actual do galego.

Sen máis preámbulos imos entrar de cheo nas conclusións:

Tanto a xeración número 2 (xente adulta), como a número 3 (xente maior) coinciden en que antes usaban o galego para comunicarse coa familia, amigos, veciños... e din que no colexio tamén o usaban, pero menos, xa que, para dirixirse aos mestres tiñan que facelo en castelán. Na xeración número 2, atopeime coa mesma resposta, só que cando se dirixían aos mestres, tamén podían facelo en galego, xa que eran todos galego-falantes, iso si, cando había que dar algunha resposta, sempre había que empregar o castelán, que era a lingua usada para a aprendizaxe, porque os libros estaban todos escritos nesta lingua. En cambio, na xeración 1 (xente nova), a resposta cambia. Afirma que o galego é a lingua que emprega para todo, tanto no colexio, coa familia, cos amigos... Afirma que se comunica con todo o mundo na súa lingua materna, o galego.

Cando lles pregunto pola situación do galego na actualidade, dinme que o ven igual ca antes. As xeracións 2 e 3 consideran que o número de falantes está aumentando, mentres que a xeración 1, discrepa dicindo que está a perder falantes.

O grupo de adultos e maiores pensa que na actualidade se lle está a dar moita importancia ao galego, quizais demasiada. Na súa opinión están facendo moitas reportaxes e demasiados anuncios sobre o seu uso, xa que, lles dá a impresión de que nolo queren impoñer. Opinan que tantas campañas non son necesarias, posto que, quen queira falar galego, falarao igual que ata agora. Non ven unha evolución demasiado grande, e pensan que aos rapaces nos están a ensinar demasiado en galego; dende o seu punto de vista quizais na escola o galego lle saca campo ao castelán, o que consideran que manexamos mal. Pensan que debería haber metade e metade. Que deberíamos manexar os dous idiomas sen problemas. Aprecian moito o galego, xa que é a súa lingua materna, pero din que só vale para falar en Galicia, cousa que co castelán non ocorre, porque hai máis lugares onde se fala esta lingua.

Fan moito fincapé, sobre todo na xeración 2, no bilingüismo, que para eles parece non existir.

Por outra banda, coméntame que eles ven que o número de falantes está aumentando e que a nosa lingua ten futuro; non teñen temor de que desapareza. Quizais a xeración número 1 é a que non ten tan claro a evolución do galego no futuro; pensan que se vai reducir o número de falantes. Pero cre firmemente que unha actuación a tempo e concienciación do pobo, poida seguir mantendo viva a nosa lingua nun futuro.

Lorena García 3º A

Nos últimos anos da nosa sociedade puideron observarse cambios no estado da nosa lingua: o galego. Estas variacións poden apreciarse se analizamos tres xeracións distintas. Nunha primeira, á que consideraremos como máis nova (entre vinte e oito e trinta anos) pódese destacar que durante a educación xeral básica o uso do galego estaba limitado ás clases que tiñan coma materia a citada lingua. Na súa maioría, os profesores empregaban na ensinanza o castelán (agás nos casos no que estes eran galego falantes). Porén, a relación entre os alumnos facíase na lingua materna. A maioría dos libros e cadernos estaban escritos en castelán agás o de lingua galega. A diferenza desta xeración, nunha segunda (que determinaremos nos cincuenta nos) a situación é distinta. O uso do galego na escola era practicamente nulo, é dicir, os mestres limitábanse ao emprego do castelán, implicando así que o alumnado tivese que someterse á mesma lingua. Os libros eran todos en castelán, sen poder incluír neles un en galego, pois non se impartía. Porén, o alumnado entre si, coma na xeración anterior, podía e falaba en galego. Na terceira xeración, (oitenta anos) o contraste é maior. O simple feito de non recibir unha ensinanza xa imposibilitou o estudo dunha lingua. Ademais, esta xeración veríase baixo a influencia da ditadura franquista, limitando así o uso do galego ao ámbito familiar. O feito de vivir nunha sociedade na que predomina o castelán tivo como consecuencia a orixe na mente das persoas dunha idea sobre o galego baseada na súa inutilidade. Nas outras dúas xeracións esta opinión varia. A primeira recoñece como absurda a idea de que calquera lingua se convirte nun obstáculo, determinando o seu emprego como o dunha ferramenta de comunicación; porén aínda que non esixa unha defensa extrema da lingua materna, amósase a gusto e séntese orgullosa de falala sen dubidar en empregala na maioría das ocasións e en calquera situación (traballo, vida familiar, amigos...). Na segunda xeración deféndese o deber de coñecer (sen obrigar o seu emprego se o falante non o desexa) as linguas do país. Ambas as dúas últimas xeracións coinciden nunha posible coexistencia lingüística e mantéñense na esperanza de que o galego non desapareza.

Xeración máis nova (vinte e oito e trinta anos). Irmáns.

Segunda xeración (cincuenta anos). Pai.

Terceira xeración (oitenta anos). Veciña.

Teresa Pérez Lousame 4º B